

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Fundación Semana Verde de Galicia para a organización e o desenvolvemento dun Encontro informático no ano 2024

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Xuventude da Dirección Xeral de Xuventude da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ten previsto formalizar coa entidade Fundación Semana Verde de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data das sinatura ata o 31 de decembro de 2024

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Fundación Semana Verde de Galicia para o financiamento pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da concesión directa dunha subvención, da organización e desenvolvemento no ano 2024 dun encontro informático que levará a cabo a Fundación Semana Verde de Galicia, entidade beneficiaria da subvención.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. Que a Fundación Semana Verde de Galicia clasificada como entidade benéfico-privada pola Orde do 9 de xullo de 1991, da entón Consellería de Presidencia e Administración Pública, e declarada e inscrita como fundación de interese galego pola Orde do 10 de xullo de 1991, baixo o protectorado da antedita consellería, actualmente é unha fundación do sector público autonómico, nos termos previstos na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de



organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, adscrita á actual Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

2. A Fundación ten entre os seus fins reforzar a posición estratéxica de Galicia como plataforma feiral para o desenvolvemento de grandes eventos sectoriais de ámbito estatal e internacional.

Que a organización de actividades lúdicas, formativas e culturais vinculadas ás novas tecnoloxías teñen unha grande demanda por parte da xuventude galega, que reclama a organización dun evento centrado neste aspecto. Así, o encontro que porá en marcha a Fundación será un evento dirixido á xuventude que desexe unha relación máis directa coas novas tecnoloxías nun escenario singular, cunha serie de actividades dinámicas; un evento multidisciplinar con diversas áreas temáticas que aborde a tecnoloxía dende todas as perspectivas.

Que para a realización deste evento ademais de contar con capacidade técnica e organizativa, precisase de instalacións axeitadas que acolla e permita que mais de 1000 mozos e mozas poidan estar conectados/as durante tres días, sendo a Fundación Semana Verde a que ten posibilidades de realizar este evento.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na normativa vixente en materia de contratos públicos nin con outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela.

